



1. NORMAS XERAIS CAMPO A TRAVÉS 2018-2019

A tempada de Campo a Través 2018/2019 rexirase polas seguintes normas xerais:

1. DISTANCIAS. Distancias máximas recomendables, segundo a normativa da RFEA, para tódalas competicións oficiais dentro de cada mes e categoría:

HOMES	LONG	SUB23 97,98 e 99	SUB 20 00 e 01	SUB18 02 e 03	SUB16 04 e 05	SUB14 06 e 07	SUB12 08 e 09	SUB10 10 e 11	Máster 35 anos ou mais
NOVEMBRO	9.000	9.000	6.000	4.000	3.000	2.000	1.500	1.000	4.000
DECEMBRO	10.000	10.000	6.500	4.500	3.500	2.500	1.500	1.000	5.000
XANEIRO	10.000	10.000	7.000	5.000	4.000	3.000	2.000	1.500	6.000
FEBREIRO	10.000	10.000	7.500	5.500	4.500	3.500	2.500	2.000	7.000
MARZO	10.000	10.000	8.000	6.000	5.000	4.000	3.000	2.000	8.000

MULLERES	LONG	SUB23 97,98 e 99	SUB 20 00 e 01	SUB18 02 e 03	SUB16 04 e 05	SUB14 06 e 07	SUB12 08 e 09	SUB10 10 e 11	Máster 35 anos ou mais
NOVEMBRO	8.000	8.000	4.000	3.000	1.500	1.000	750	500	4.000
DECEMBRO	8.000	8.000	4.500	3.000	2.000	1.000	1.000	750	4.500
XANEIRO	9.000	9.000	5.000	3.500	2.500	1.500	1.000	1.000	5.000
FEBREIRO	10.000	10.000	5.500	4.000	2.500	2.000	1.500	1.500	5.500
MARZO	10.000	10.000	6.000	4.000	3.000	2.000	1.500	1.200	6.000

2. PARTICIPACIÓN. Os clubs participantes poderán inscribir nos seus equipos un número ilimitado de atletas por categoría

3.- CLASIFICACIÓN. Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para poder puntuar por equipos cada Club deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría. A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

- Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos (ata un máximo de 6), con exclusión dos que non teñan polo menos a 4 atletas na saída, agás na categoría sub20 e sub23 feminina que será de 3 atletas.



- Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubs que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.

- A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.

- Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo, agás na categoría sub20 e sub23 feminina que será de 3 atletas.

- Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.

- Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo cuarto (terceiro en sub20 e sub23 mulleres), teña rematado máis preto do gañador da proba.

- Os atletas sub23 en ningún caso puntuarán para a clasificación por equipos absoluta.

- Para a clasificación terase en conta a normativa da RFEA en relación ós atletas estranxeiros e os clubs asociados, aínda que non se limitará o número de atletas na saída

4. COLOCACIÓN NA SAÍDA. A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

5. DORSAL. Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

6. PREMIACIÓN. Entregaranse medallas ós tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así como trofeos ós tres primeiros equipos clasificados en cada unha das categorías. Sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega.

7. CAMARA DE CHAMADAS. Os atletas participantes deberán pasar por cámara de chamadas con identificación que estará aberta até 15 minutos antes da saída da proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.



8. RELEVOS MIXTO. O relevo mixto compondrase de 2 homes e 2 mulleres; atletas sub20 ou superiores, máximo 1 atleta estranxeiro, máximo 1 atleta do club filial. A orde de participación será muller, home, muller e home. Cada corredor/a dará unha volta (aproximadamente 2000m) até completar o equipo total 4 voltas. A zona de transición será definida pola organización e deberá intentar que esté nun lugar próximo ó contavoltas e meta de xeito que os relevistas fagan aproximadamente a mesma distancia.